

PRESENTACIÓN DO LIBRO

LÁTEGO DE ALGAS, DE ANTÓN REIXA

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo xoves 28 de maio de 2009, ás 20.00 h, na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” (Pazo de Vila Melania – Vilaboa), o acto de presentación do libro *Látego de algas*, de Antón Reixa, publicado pola editorial cullerdense “Espiral Maior”, que dirixe Miguel Anxo Fernán Vello.

No transcurso do acto tomarán a palabra:

- Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura do Concello de Culleredo.
- Miguel Anxo Fernán Vello, poeta e editor.
- Antón Reixa, autor.

Antón Reixa, que na actualidade reside na Coruña, é unha persoa polifacética: escritor (nas súas diferentes vertentes: poeta, dramaturgo, letrista, articulista de prensa...), ten tamén unha longa traxectoria como cantante, actor, presentador, produtor ou director de cine...

Látego de algas representa a súa última incursión no territorio da poesía.

Datos biográficos

Antonio Rodríguez Reixa naceu en Vigo o 17 de abril de 1957. Fixo o Bacharelato nun coñecido instituto da cidade, o “Labor”, cursando máis tarde Filoloxía Galega na Universidade de Santiago. Entra en contacto coas vangardas literarias e, en 1975 funda, xunto con Alberto Avendaño, Manuel M. Romón e Camilo Valdehorras, o Grupo de Comunicación Poética “Rompenete”. Froito desta etapa literaria, Reixa publica a finais dos setenta varias obras de poesía.

Logo de exercer un tempo como profesor de lingua e literatura galegas en Instituto, axiña abandonará a docencia para dedicarse á música.

En 1984 funda, con outros músicos, o grupo musical “Os Resentidos”, encargándose de escribir as letras e de ser a voz solista. A canción máis popular deste grupo foi “Fai un sol de carallo” (1986), pero o disco máis aclamado pola crítica sería *Jeí* (1990), elixido pola revista musical *Rockdelux* como mellor disco nacional do ano.

“Os Resentidos” sepáranse en 1994. Antón Reixa xúntase co vasco Kaki Arkarazo (guitarrista e produtor de “Negu Gorriak”) e forman o grupo “Nación Reixa”. En 1999, axudado polo citado Kaki Arkarazo, publica un disco en solitario, *Escarnio*.

Compositor de varios temas de “Siniestro Total”, colaborou tamén con Julián Hernández, “Los Piratas”, Iván Ferreiro, “Na Lúa”, Joaquín Sabina ou “Tequila”.

En 1998 estréase na TVG, baixo a súa dirección, a serie *Mareas vivas*, ambientada na Galicia mariñeira actual, que bateu récords de audiencia. Un ano máis tarde, e con parte do equipo de *Mareas Vivas*, funda “Portozás Visión”.

No ano 2002 estrea a súa primeira longametraxe como director, *O lapis do carpinteiro*, protagonizada por María Adánez, Tristán Ulloa e Luis Tosar, á que seguiría en 2007 *Hotel Tivoli*, con Luis Tosar, Nancho Novo, Mikel Erentxun e Julieta Venegas.

Preside a productora “Filmanova” (antes “Portozás Visión”). Dende o ano 2005 é presidente do Clúster Audiovisual Galego (CLAG).

Obtivo o Premio “Pedrigree” pola súa traxectoria cinematográfica (Festival de Cans, 2007).

Libros publicados:

Poesía: *Silabario da turbina* (1978, con Rompente), *¡Fóra as vosas sucias mans de Manuel Antonio!* (1979, con Rompente), *As ladillas do travesti* (1979), *A dama que fala* (1983, con Rompente), *Historia do Rock and Roll* (1985), *Días contra fotocopias* (1987, con Menchu Lamas e Antón Patiño), *Transporte de superficie* (1990), *Ringo Rango* (1992), *Viva Galicia beibe* (1994), *Escarnio* (1999) e *Látego de algas* (2008).

Discografía:

-Os Resentidos: *Vigo, capital Lisboa* (1984), *Fai un Sol de Carallo* (1986), *Música Doméstica* (1987), *Fracaso Tropical* (1988), *Jei* (1990), *Delikatessen* (1992), *Ya Están Aquí* (1993) e *Made in Galicia 84-94* (1994, disco recopilatorio).

-Nación Reixa: *Alivio Rápido* (1994), *Safari Mental* (1997).

-Antón Reixa: *Escarnio* (1999).

Filmografía (como director, productor...):

Nación X (2009), *Ruta 66* (2009), *Proxecto Dous* (2008), *Os Atlánticos* (2008), *Unha palabra túa* (2008), *Alégase* (2008), *Casón: 20 anos sen respostas* (2008), *Amor e fluídos* (2008), *Hábitat* (2008), *O gran camiño* (2007), *Galicia, cruce de miradas* (2007), *LT22 Radio La Colifata* (2007), *Hotel Tivoli* (2006), *Periféricos* (2006), *Galatasaray-Dépor* (2005), *O ano da carracha* (2004), *Tucho Bouza, o emperador do Bronx* (2004), *Tres no camiño* (2004), *O lapis do carpinteiro* (2002), *Ciclo* (2002), *Secuestrados en Xeorxia* (2002), *Canícula* (2001), *Estarán viv@s, serán de pedra* (2000), *Galicia Exprés* (2000), *Lena* (2000), *O río tén mans* (2000), *Mareas vivas* (1998), *Xabarín Club* (1994), *Sitio distinto* (1990), *Ringo rango* (1990), *Continental* (1989), *Galicia sitio distinto* (1989), *After shave* (1986), *Episodios familiares* (1986), *Todo está na castañeta* (1986), *Esperanza* (1986), *Chove contra pasado* (1985), *Salvamento e socorrismo* (1984).

Culleredo, 25 de maio de 2009.

O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez